



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

Convocatoria de proba para un contrato en prácticas na categoría laboral de Relacións Públicas en Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

1. CATEGORÍA LABORAL

Relacións Públicas.

2. TIPO DE CONTRATO LABORAL

Contrato de traballo en prácticas.

3. DEFINICIÓN DA CATEGORÍA LABORAL

Desenvolve tarefas de acollida, recepción e contacto co público, personalidades e, en xeral, coas persoas alleas á CRTVG e ás súas sociedades. Realiza funcións de protocolo, atención ó público, planificación de actos e outras da mesma natureza. Posúe dominio oral do idioma inglés e dominio do idioma galego.

4. REQUISITOS ACADÉMICOS

Posuér Ciclo superior ou medio das familias de administración e xestión ou xestión Comercial e Marketing (TS Asistencia á dirección)

Os/as aspirantes deberán posuér o requisito académico solicitado en data non posterior á da data de finalización de inscrición neste proceso selectivo.

O tribunal pode solicitar a acreditación dos requisitos durante este proceso de selección.

5. CONDICIONES DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS.

Os/as aspirantes deberán cumplir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberá traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

Ser menor de trinta anos ou, de non ser así, que non transcorresen máis de cinco anos desde a obtención do título requerido, sete no caso de minusvalía por riba do 33%.

Ningún traballador/a poderá estar contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Tampouco se poderá estar contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a dous anos, áinda que se trate de distinta titulación. Así mesmo, os/as aspirantes non poderán ter relación laboral anterior coa CRTVG ou con outra empresa na mesma ou similar categoría laboral convocada.

O período de proba será dun mes. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos.

A retribución do traballador/a será, segundo convenio colectivo vixente (D.O.G. nº 167, do 2 de setembro de 2015), do 70% do salario fixado na categoría laboral para o primeiro ano e do 85% para o segundo.

6. TRIBUNAL

Xaime Arias Rodríguez, presidente.

María Dolores Pérez Vázquez, relacóns públicas de CRTVG.

Maria Belén Méndez Naya, profesora Titular de Filoloxía inglesa da USC.

Paulino Novo Folgueira, asesor lingüístico.

Marisol Pereiro Álvarez, secretaria.

7. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL

Os membros do tribunal comprométense a garantir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ademais dos de publicidade e transparencia. Igualmente, comprométense a garantir o segredo das probas.

Os membros do tribunal reciben copia dos art. 23 e 24, de abstención e recusación, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

Os membros do tribunal asinarán declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos previstos de abstención ou recusación unha vez se elabore a listaxe de inscritos.

Os membros do tribunal comprométense a publicar esta convocatoria e as seguintes publicacións do proceso na web da CRTVG (www.crtvg.es).

Os membros do tribunal comprométense a garantir a adaptación que se considere necesaria para a participación nas probas en condicións de igualdade a aspirantes que padezan algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, se for o caso.

O/a lingüista encargarase de cualificar en exclusividade a proba de galego.



A titular de Filoloxía Inglesa da USC encargarase de realizar e puntuar en exclusividade a proba de inglés. O resto de membros do tribunal encargaranse de poñer e puntuar o resto das probas.

O secretario non participará na elaboración das probas nin as puntuará.

8. INSCRICIÓN

Para a inscrpción, os/as aspirantes deberán enviar mediante correo electrónico ó enderezo proceso.seleccion@crtvg.es un curriculum vitae indicando claramente:

1. A convocatoria á que se presenta.
2. Nome completo.
3. D.N.I.
4. Data de nacemento.
5. Teléfono e/ou e-mail de contacto.
6. Posesión do requisito académico solicitado.
7. Data de obtención do requisito académico solicitado.
8. Os/as aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía acreditada igual ou superior ó 33% deberán facer constar se precisan de adaptación de tempo e medios para a realización da proba.
9. Deberase acompañar ó curriculum un certificado de vida laboral actualizado.

O prazo de inscrpción remata o día **25 de marzo** de 2018.

9. LISTAXE DE ADMITIDOS

O tribunal examinará o cumprimento dos requisitos solicitados polos aspirantes publicando a listaxe provisional de admitidos.

Contra estas listaxes provisionais de admitidos e excluídos poderanxe presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

Estas alegacións serán enviadas ó correo electrónico proceso.seleccion@crtvg.es.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días, publicando a continuación a listaxe definitiva de admitidos.

10. PROBAS

Ás probas poderanxe presentar os/as aspirantes que figuren na listaxe definitiva de admitidos. As probas realizaranse o día **5 de abril de 2018**, na sede da CRTVG en San Marcos, Santiago, a partir das 10:30 h. Os/as aspirantes deberán



estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

A valoración de coñecementos farase a través de:

- Proba teórico-práctica de coñecementos específicos.
 - Parte teórica tipo test (30%).
As preguntas erradas terán penalización de cuarto de punto.
 - Parte práctica (40%).
- Proba tipo test de coñecemento da lingua galega. (20%)
- Proba de lingua inglesa. (10%)

Proba teórico-práctica

A parte teórica consistirá nunha proba na que entrarán as seguintes materias:

- Protocolo e símbolos institucionais
- Protocolo social
- Protocolo oficial
- Protocolo de empresa
- Organización de actos públicos e eventos
- Administración, dirección e xestión da ciencia dos relacóns públicas
- Actualidade audiovisual
- CRTVG: información institucional. Toda a información que recolle este punto poderá consultarse na web da CRTVG.

A parte práctica consistirá na realización de cinco exercicios que permita demostrar coñecementos relacionados coa definición da categoría laboral.

Proba tipo test de coñecemento de lingua galega.

Os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado **CELGA 4** non terán que realizar a proba de coñecemento de lingua galega. A proba de coñecemento de lingua galega terá un grao de dificultade consonte ó programa do certificado CELGA 4, e as súas cualificacións serán únicamente de apto ou de non apto. Para ter cualificación de apto os/as aspirantes deberan obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso. Se se dese o caso, a posesión do certificado CELGA 4 (con data non posterior á de finalización do prazo de inscrición a este proceso) prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

Proba de coñecemento de lingua inglesa

Adaptada a nivel A2.

A proba será oral e realizarase en grupos de dúas persoas.

A proba será gravada.

11. LISTAXE DE PUNTUACIÓN

O Tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas teórica e práctica na páxina web de CRTVG.

Os/as aspirantes poderán presentar alegacións contra esos resultados provisionais no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación.

As alegacións enviaranse ó correo electrónico proceso.seleccion@crtvg.es.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de 5 (cinco) días, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

12. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATE

En caso de empate, por non haber nesta categoría laboral infrarepresentación do sexo feminino, seguiranse, por esta orde, os criterios de desempate:

- 1) A favor do aspirante que tivese maior puntuación na suma das probas de desenvolvemento teórico-práctico.
- 2) A favor do/a aspirante de maior idade.

13. ACCESO Ó POSTO DE TRABALLO

O/a aspirante seleccionado/a, deberá presentar no momento da sinatura de contrato a acreditación dos requisitos esixidos, con copia compulsada dos títulos ou certificados académicos, e informe de vida laboral.

Os/as aspirantes deberán posuér a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a CORPORACIÓN RÁDIO E TELEVISIÓN DE GALICIA poderá esixir ós aspirantes seleccionados someterse a recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.

No caso de que o/a aspirante seleccionado/a non acredeite contar con estes requisitos declinarase a proposta a favor do seguinte aspirante con maior puntuación.




14. PROTECCIÓN DE DATOS

Ós efectos do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo de que os datos dos participantes no presente proceso selectivo serán incorporados a un ou varios ficheiros de titularidade da Corporación Radio e Televisión de Galicia, con sede en Bando - San Marcos s/n, 15820 Santiago de Compostela, onde os seus titulares poderán exercitar os dereitos e acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo ó Servizo de Sistemas unha solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

A finalidade do tratamento dos devanditos datos, incluídos no seu caso os relativos á saúde, é a xestión do rexistro de solicitudes, a cualificación das probas que poderán comportar a captación de imaxes mediante gravacións, a avaliación dos candidatos e a confección do banco de datos para este ou futuros procesos selectivos, segundo o especificado no convenio colectivo vixente. Así mesmo, os datos básicos identificativos dos participantes poderán ser comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na web corporativa da CRTVG ós efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, así coma os representantes dos traballadores e ós organismos públicos competentes.

Ós/ás aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamiento de datos.

En Santiago de Compostela, a 14 de marzo de 2018.



A^{SDO:} SUSANA FERNÁNDEZ VEIGUELA
Directora de Recursos Humanos
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA